

al

TEATRO

Ghazafellos

CELEBRA OS SEUS 20 ANOS

Exemplar gratuito

El Patito feo

UN CLÁSICO DOS
CONTOS EN NARÓN

Pepablo Patinho

Dúas décadas sobre as táboas. Ese é o tempo que vén de cumprir Teatro dos Ghazafellos, Pepablo Patinho, Montse Piñón e Jorge Casas, a compañía que o celebrará como cómpre o 17 de xaneiro nunha gala no Auditorio de Narón. Antes e despois, moitas representacións e lembranzas dun proxecto artístico orientado a facer rir e pensar a toda a familia.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Como ides conmemorar ese vixésimo aniversario?

PP. Será o sábado 17 de xaneiro no Auditorio de Narón, onde comezamos, e farase a través de convite do Concello.

Contaremos con amigos que nos acompañaron escénica, técnica e emocionalmente nestes anos. Estará Magín Blanco e a Banda das Apertas, Leandro Lamas, Xabi Picos, María Canosa, Cristian Leggiero, Paty Lesta, Mamá Cabra, Dani Bellón e Diego Maceiras, Xil López, Miguel Pita, Carlos Quintá e outros amigos. Máis que un espectáculo será unha gran reunión familiar.

Aí. Como foron os comezos dos Ghazafellos?

PP. Logo de varias aventuras en Picompé con Xabi Picos, xuntámonos Montse e máis eu da Escola de Narón e primeiro comezamos con Teatro da Gavela, facendo monicreques e teatro de rúa. Logo, xa como Ghazafellos, comezamos en

2005 con “Contos de Lobo” e seguimos con “A orixe dos ghazafellos”, que foi a comezo en serio, un espectáculo con música, escenografía, marionetas e a colaboración de Leandro Lamas. Foi cando vimos a necesidade de aumentar a tres membros e chamamos a Jorge. E ata hoxe.

Aí. Dende entón sempre fostes un trío?

PP. Non sempre. María Canosa ademais de facer algún dos textos (“Acuario”, “H2...Oh!”, etc.) tamén ten participado.

Aí. E nestes vinte anos que labor deixades atrás?

PP. Foron case 30 espectáculos, moitos deles aínda en cartel, con anos tolos de 120 representacións e, sen esaxerar, andamos máis preto das 1.500 que do milleiro. Asemade, levamos feitos espectáculos para o interior, o exterior, colexios, musicais... somos uns camaleóns!

Aí. Teredes moitas anécdotas.

PP. Pois mira cun dos grandes espectáculos que fixemos con Magín Blanco, “A nena o o grilo nun barquiño”, recordo ter actuado no Auditorio de Galicia diante de 600 cativos e ao día seguinte, no pequeno concello ourensán de Porqueira, fixémolo diante de dous vellos, un neno e un can! Seica había un neno de cumpre e preferiron a festa... Tamén temos actuado en todo tipo de locais, incluído un lavadoiro, con momentos moi divertidos. E algo especialmente emocionante, que fala do paso do tempo, e ver a nenos que nos vían cando comezamos e agora regresan como adultos cos seus fillos.

Aí. Tedes percorrido toda Galicia, e fóra?

PP. Si, en León actuamos moito, en Ponferrada e tamén en Burgos, Avilés, Xixón, Oporto... En Portugal facémolo en galego e noutras cidades de Galicia conservamos as cancións se hai en galego e o



“O TEATRO TEN QUE PODER FALARLLE DE CALQUERA TEMA AO PÚBLICO INFANTIL”

texto en castelán, pero ás veces improvisando sobre a marcha.

AÍ. E notan algunha diferenza?

PP. Pois si, o público nos ten dito que somos moi “bravos”, pero encántalles porque din que moitas veces outras obras parécenlles moi “ñoñas” cos nenos.

AÍ. Vós definides os voso espectáculos para un público familiar e tratades de entreter pero tamén de retratar problemas. Como é ese traballo?

PP. Si, e nolo teñen agradecido familias e profesores. Gústanos falar do que pasa, desde a discapacidade á guerra ou o acoso escolar. Pero tamén o humor de gag para facer rir, como “Bon Appétit”, á que lle vimos de dar un toque mexicano.

AÍ. A maioría das obras son

túas. Como ves aos nenos e ás nenas cando escribes?

PP. Pois como ao público normal que é e ao que se lle pode falar de calquera tema: diversidade, igualdade ou calquera valores aínda que non sexa o que soen ver na televisión.

AÍ. Por certo, tedes feito algo no audiovisual?

PP. Chegamos a facer un programa piloto para a TVG, “Sons miudos”, con moita xente deste mundo. A pinta era moi boa e o resultado tamén, pero gardárono nun caixón. En calquera caso, temos claro que o que máis disfrutamos é da experiencia do directo.

AÍ. E se iso non o botades de menos que é o que si botades?

PP. Pois unha subvención! Sen bromas que en vinte anos

nunca nos deron ningunha. Agora xa nin as pedimos.

AÍ. Teremos este ano novas obras de Ghazafellos?

PP. En verán estreademos en Cangas o espectáculo de rúa “Sherezade, Aladino e os 3 beduínos”, e cara fin de ano teremos outra estrea. Probablemente será en Narón, como case todas, e titúlase “A Panxea”. É unha crítica á volta atrás que semella que estamos e vivir co auxe dos extremismos e os problemas do cambio climático. Pero como sempre de forma lúdica e agardamos que o máis divertida posible.

AÍ. Resume de forma breve estes vinte anos de teatro.

PP. Pois mira, camiñar fainos humanos, compartir camiño fainos persoas e abrir camiños fainos imprescindibles. Valeu?

17 sábado

20.00 H

LA DESCONQUISTA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



David Ruiz

**A COMPAÑÍA RON LALÁ PRESENTA ESTA SÁTIRA SOBRE O
DESCUBRIMENTO QUE MESTURA VERSO CLÁSICO, MÚSICA EN
DIRECTO E MOITO HUMOR.**

A finais do século XVI, tres náufragos avanza á deriva nunha barca cara ás costas do Novo Mundo. Este é o punto de partida de *La Desconquista*, a comedia burlesca e musical de Ron Lalá que revisita as crónicas do Descubrimento desde o humor.

O capitán Hernán Galán busca a gloria; o mariño Fulano, o ouro; e o misioneiro frei Pío, almas para a fe, nunha viaxe chea de choques, enganos e revelacións onde nada é exactamente o que parece.

10 sábado

18.00 H

LA REINA DEL HIELO

Infantil

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

16/14 €

**MUSICAL INSPIRADO NO UNIVERSO DE FROZEN, QUE MESTURA
MÚSICA EN DIRECTO E COREOGRAFÍAS CUNHA HISTORIA PENSADA
PARA TRANSMITIR MENSAXES EDUCATIVAS.**

Da man dos creadores do musical *Coco. Recuérdame*, o espectáculo combina un guión orixinal coas cancións máis populares de *Frozen 1 e 2*. Con voces en directo, coidadas coreografías e unha atractiva posta en escena, a montaxe está pensada para transmitir valores como o respecto polo medio ambiente, o traballo en equipo e a importancia de tratar ben aos demais.

18 domingo

18.00 H

ANDERSEN, EL PATITO FEÓ

Infantil

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



**MÚSICA EN DIRECTO, TÍTERES
E NARRACIÓN PARA EXPLORAR
VALORES COMO A BONDAD, A
ACEPTACIÓN E A IMAXINACIÓN
É A NOVA PROPOSTA DA
COMPAÑÍA TÍTERES ETCÉTERA.**

Andersen, el patito feo é unha viaxe ao universo do coñecido conto de Hans Christian Andersen, quen consideraba esta historia como unha especie de autobiografía. Andersen foi un neno diferente: por aspecto, torpeza e orixe social sufriu acoso e rexeitamento, pero atopou refuxio na literatura, no teatro, nos títeres e nos papeliños recortados, transformando as súas feridas en relatos que, séculos despois, forman parte do patrimonio universal. A montaxe combina narración, títeres e música en directo a cargo da orquestra de cámara Murtra Ensemble, para crear un universo poético que fala da bondade, do afecto e da imaxinación como ferramentas para comprender o mundo.

23 venres 20.30 H

IMPRESIÓNS NOCTURNAS

Música

AUDITORIO (FERROL) 16 €



JOHANNA MALANGRÉ DIRIXE Á REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA, CON ALEXANDRA DĂRIESCU AO PIANO.

O concerto arranca coa estrea de *Recurrance*, de Lula Romero, seguida das obras de Maurice Ravel: *Pavana para unha infanta defunta* e o *Concerto para piano en Sol maior*. Continúa coa interpretación de *Stars*, de Mary Howe, e pecha coa suite *Pelléas et Mélisande*, Op. 80, de Gabriel Fauré.

24 sábado 20.00 H

NUESTROS MUERTOS

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

14 €



UNHA MULLER OCTOXENARIA ENTREVISTA AO PRESO DE ETA QUE MATOU AO SEU FILLO, NUNHA OBRA QUE COMBINA DOR, HUMOR E REFLEXIÓN SOBRE A VIOLENCIA ETARRA E A REPRESIÓN FRANQUISTA.

María Álvarez, Carlos Jiménez-Alfaro, Clara Cabrera e Javi Díaz forman o elenco de *Nuestros Muertos*, unha obra que reproduce a conversa dunha muller octoxenaria co preso de ETA arrepentido que matou ao seu fillo. Entre dor, tensión e algúns momentos de humor, abórdase tanto a violencia etarra como a represión franquista. O diálogo mestura o coche bomba e as pistolas falanxistas para ofrecer unha mirada íntima sobre a soidade e o sufrimento das vítimas, construindo un relato que invita á reflexión sobre a dor, o perdón e a memoria histórica.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 FERROL - A Coruña
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

31 sábado

20.00 H

TXALAPARTA

Danza

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

14 €



KUKAI DANTZA TRAE ÁS TÁBOAS UNHA PROPOSTA QUE COMBINA O INSTRUMENTO TRADICIONAL VASCO COA DANZA CONTEMPORÁNEA A TRAVÉS DUN PROCESO DE CREACIÓN COLECTIVA.

A txalaparta, instrumento de percusión tradicional vasco, produce sons que escapan ao control de quen a toca, converténdose nunha experiencia que amplía a percepción do corpo e fomenta a atención plena. En Txalaparta desde a danza, a compañía Kukai Dantza busca xerar un encontro colectivo a través da música e o movemento, combinando percusión, danza e acción compartida.

No escenario, sete artistas dan forma a esta proposta, dirixida por Jon Maya Sein e con coreografía de Jesús Rubio Gamio.

28 mércores

20.30 H

CLÁSICOS INÉDITOS

Cine

CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER (FERROL)

DE BALDE

NOVO PASE DENTRO DO CICLO «CLÁSICOS INÉDITOS EN VERSIÓN ESPAÑOLA» COA PROYECCIÓN DE THE MAN WHO CHEATED HIMSELF.

Película de suspense dirixida por Felix E. Feist, que relata a historia de Ed, un policía de San Francisco que mantén un romance secreto con Lois, unha muller casada. Cando Lois mata ao seu marido, Ed enfróntase ao dilema de ocultar o crime, xurdindo tensión, traizón e intriga nun thriller clásico que explora os límites entre o deber, a moral e a paixón.

31 sábado

20.00 H

UN DEUS SALVAXE

Teatro

AUDITORIO MUNICIPAL (CEDEIRA)



ARTUR TRILLO PRESENTA A SÚA ADAPTACIÓN DESTA COMEDIA ESCRITA POLA DRAMATURGA FRANCESA YASMINA REZA.

Dous matrimonios, adultos e aparentemente civilizados, reúnen para resolver un incidente menor protagonizado polos seus fillos pequenos nun parque, no que un deles partiuille dous dentes ao outro. O que comeza como un exercicio exemplar de diálogo racional convértese nun campo de batalla verbal onde saen á luz frustracións, rivalidades, egos feridos e contradicións.

Con este sinxelo punto de partida, Yasmina Reza constrúe unha afiada sátira da sociedade contemporánea, na que as formas educadas e o discurso correcto van deixando paso, pouco a pouco, ás miserias máis recoñecibles do ser humano. O elenco, formado por María Ordóñez, Dani Trillo, Marta Lado e Toño Casais, sostén con solvencia un xogo escénico no que cada palabra conta e cada silencio pesa.

ESTREA DESTACADA: 23 DE XANEIRO

HAMNET



Cloe Zhao

Teño curiosidade por saber como é a túa historia con Shakespeare, crescendo en China e logo mudándote a Inglaterra e Los Angeles.

Shakespeare é moi venerado na China. No teatro chinés, fanse versións das súas obras. O idioma sempre foi unha barreira, pero o elemento arquetípico das súas historias foi moi importante para min, en particular *Macbeth*.

Sabemos moi pouco sobre Shakespeare ou o seu fillo. Algunhas partes do teu filme son realistas, outras oníricas. Como lograches un equilibrio?

En primeiro lugar, que é real? Os antigos místicos tentaron comprender o ser. “*Ser ou non ser*” vai máis aló do pensamento suicida; trátase da existencia mesma. Cada filme ten a súa propia verdade. Para min, o máis auténtico é o que está presente no momento. Contratei a xefes de departamento e actores con coñecemento da historia,

pero tamén coa capacidade de permanecer presentes e cambiar a medida que avanzamos. Se alguén se volvía demasiado obxectivo e literal, dicía que non. Quería xente que puidese investigar, pero que tamén estivese viva no presente.

A perda dun fillo é difícil de filmar e de ver. Como abordaches retratar ese tipo de dor con honestidade, sen que fose demasiado para o público?

Levo tempo facendo filmes sobre o duelo. Non penso en que é demasiado ou demasiado pouco. O laio de Agnes... podería facelo agora mesmo diante de ti. Deberíamos ter permiso.

O silencio durante miles de anos causou un gran dano.

A que te refires?

Pensa nos antigos guerreiros que regresaban da batalla: bailaban, gritaban, sandaban xuntos. No tantra, a sexualidade era parte da sanación. Agora é: falar cun terapeuta, tomar a medicación, volver coa familia. O corpo está restrinxido. Dicirlle a unha muller que cale despois de dar a luz e suxeitala. Sabemos por que ocorre

este control. Pero creo que a xente está a responder aos filmes onde os actores están encarnados, porque o botamos de menos.

Como ves o duelo como fio condutor dos teus filmes?

Todos empezan con personaxes que perderon o que os define: soños, fogar, propósito, fe. Choran por quen crían ser para convertérense en quen realmente son. Iso é duelo a nivel individual e colectivo. Non me criaron para entender o duelo. Así que fixen filmes para darlles catarses aos personaxes e, a través deles, a min mesma.

A charla dos Oscars xa comezou. Obviamente, xa pasaches por isto antes. Como fas para desconectar?

É halagador e agradable, pero despois do que experimentei na miña carreira, non se pode predicir como van ir as cousas. Nunca esperei que *Nomadland* fixera esa viaxe, así que me deixo levar.

Josh Rottenberg para los Ángeles Times (extracto)

01 XANEIRO

RONDALLAS

Daniel Sánchez Arévalo

2025 | ESPAÑA | 112' | ESPAÑOL | +12



Dous anos despois do tráxico naufraxio dun barco pesqueiro que sacudiu a unha pequena vila mariñeira galega, algúns membros da rondalla deciden que xa é hora de recuperar a ilusión e deixar o loito atrás.

San Sebastián 2025

“Toca o corazón grazas a personaxes brillantemente escritas e mellor interpretadas” El Correo

09 XANEIRO

NOUVELLE VAGUE

Richard Linklater

2025 | FRANCIA | 105' | FRANCÉS | +12



A historia detrás da creación do movemento cinematográfico francés coñecido como Nouvelle Vague, centrándose na produción do novidoso filme de Jean-Luc Godard À bout de souffle (Al final de la escapada) en 1959.

Venecia 2025 (Sección Oficial)

“De obrigado visionado para calquera amante do cinema. Festiva, emotiva e profundamente acolledora” Fotogramas

LA CRONOLOGÍA DEL AGUA

Kristen Stewart

2025 | EUA | 128' | INGLÉS | +18



A escritora Lidia Yuknavitch encontrou a salvación na literatura e a natación, tras unha infancia e xuventude marcados polos abusos e as adicións, e acabou por converterse nunha exitosa mestra, nai e escritora.

Cannes 2025 (Un certain regard)

“Brillante debut. É a confirmación dunha ollada cinematográfica moi afinada e coas cousas claras” Cinemanía

LA ASISTENTA

Paul Feig

2025 | EUA | 130' | INGLÉS | +16



Unha rapaza (Sydney Sweeney) cun pasado complicado, comeza a traballar como asistenta na luxosa casa dos Winchester. A medida que se implica na vida da familia, descubrirá segredos escuros que poñerán en perigo a súa seguridade, pero quizá xa sexa demasiado tarde...

“Un thriller doméstico que che aperta os parafusos, non é nada máis (nin nada menos) que unha peza de pulp postfeminista berrona, divertida e eficaz” The Hollywood Reporter

16 XANEIRO

TURNO DE GUARDIA

Petra Volpe

2025 | ALEMAÑA | 92' | ALEMÁN

A enfermeira Flóra exerce a súa profesión con paixón. Mesmo no



medio do caos, sempre escoita aos pacientes e acode de inmediato ás urxencias... cunha compañeira de menos e a planta completa, Flóra enfróntase a unha loita desesperada contra o tempo.

EFA 2025 (Leonie Benesch candidata a Mellor Actriz)

“Unha inxección de empatía para a infravalorada profesión de enfermería” Screendaily

LA MISTERIOSA MIRADA DEL FLAMENCO

Diego Céspedes

2025 | ESPAÑA | 110' | ESPAÑOL | +16



A principios dos 80, nunha hostil vila mineira do deserto chileno, Lidia medra dentro dunha cariñosa familia queer. Cúlpaselles de ter unha misteriosa enfermidade que, segundo din na vila, transmítese a través dunha soa ollada, cando un home namora doutro. Neste western moderno, Lidia emprende unha busca de vinganza onde o amor podería ser o verdadeiro perigo e a familia o seu único refuxio.

Cannes 2025 (Un certain regard: Mellor Filme)

“Unha ópera prima amable, divertida, apaixonada e en ocasións absurda, cun enorme impacto emocional” Variety

23 XANEIRO

HAMNET
Chloé Zhao

2025 | REINO UNIDO | 125' | INGLÉS | +12



Narra a historia de Agnes, a muller de William Shakespeare, na súa loita por superar a perda do seu único fillo, Hamnet. Unha historia humana e esgarradora como pano de fondo para a creación da obra de Shakespeare, Hamlet. Adaptación da novela homónima de Maggie O'Farrell.

Globos de Ouro 2026 (seis candidaturas)

'Obra mestra fermosa e catártica. Un filme que che vai romper o corazón cunhas interpretacións soberbias. Mescal está marabilloso pero é Buckley quen realmente impresiona' The Hollywood Reporter

30 XANEIRO

LA CHICA ZURDA
Shih-Ching Tsou

2025 | CHINA | 108' | MANDARÍN | +7



Unha nai solteira e as súas dúas fillas regresan a Taipei tras varios anos vivindo no campo para abrir un posto nun rebuldeiro mercado nocturno. Cada unha ao seu xeito, terán que se adaptar a esta nova contorna para chegar a fin de mes e conseguir manter a unidade familiar. Tres xeracións de segredos familiares empezan a desvelarse despois de que o seu

avó tradicional lle diga á filla menor, que é zurda, que nunca use a súa «man do diño»

SEMINCI 2025 (Sección Oficial)

"Só desexarás poder roubar un intre máis para pasalo con I-Jing e a súa familia mentres empezan de novo" The Wrap

MARTY SUPREME

Joshua Safdie

2025 | EUA | 149' | INGLÉS



Biopic de Marty Reisman, un buscavidas convertido en campión de tenis de mesa, desde que comezou a xogar por apostas en Manhattan até gañar vinte e dous títulos importantes e chegar a ser o máis veterano en gañar unha competición nacional de deportes de raqueta, con 67 anos.

Globos de Ouro 2026 (tres candidaturas)

"A lendaria interpretación de Timothée Chalamet ancora unha estimulante epopea americana" IndieWire

Ópera & Ballet

TEMPADA 2026

MÉR 14 ÁS 19:45

LA TRAVIATA

Antonello Manacorda,
Richard Eyre

ROYAL OPERA & BALLET

2026 | REINO UNIDO | 240' | ITALIANO



Durante unha das súas luxosas festas, a soada cortesá parisiense Violetta Valéry coñece a Alfredo Germont. Ambos namoran apaixonadamente, e aínda que Violetta dúbida en abandonar a súa vida de luxo e liberdade, decide seguir o seu corazón. Con todo, a felicidade da nova parella vese pronto ameazada polas duras realidades da vida. Tan íntima como cegadora, esta obra mestra de Verdi contén algunhas das melodías máis famosas da ópera.

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA NAS SESIÓNS MATINAIS DOS SÁBADOS E DOMINGOS
Entradas ao prezo habitual con desconto para menores de trece.

PASES 17, 18, 24 E 25 DE XANEIRO

POLLOLIEBRE Y EL SECRETO DE LA MARMOTA
Benjamin Mousquet

FRANCIA | 86' | ESPAÑOL | TP

Polloliebre está de volta! Un segredo sobre o pasado sae á luz para arrastrar ao heroe e aos seus amigos nunha épica aventura en busca dunha misteriosa marmota co poder de modificar o pasado...



e talvez, de salvar á súa especie. Pero na súa procura, Polloliebre e os seus amigos descubrirán que non son os únicos que queren facerse coa maxia da marmota.

OFF DUPLEX

O MELLOR SISTEMA ALTERNATIVO

MAR 13 ÁS 20:00

BALEARIC

Ion de Sosa

2025 | ESPAÑA | 74' | ESPAÑOL | +16



Na véspera de San Xoán, un día propicio para a maxia, un grupo de mozos que se coaron nunha piscina dunha luxosa casa son atacados por tres feroces cans que os manteñen prisioneiros. Mentres tanto, os veciños reúnen nunha

festa nunha casa grande para celebrar o comezo do verán.

Sitges 2025; Locarno 2025

“Unha fábula ‘buñueliana’ en dous actos nun paraíso decadente acosado polo lume. Todo tan real, tan próximo e tan surrealista que abrasa (...) Absurda, cruel, divertida cando quere, incómoda a intres e irrenunciable sempre.” El Mundo

MAR 27 ÁS 20:00

QUERIDO TRÓPICO

Ana Endara

2025 | COLOMBIA | 108' | ESPAÑOL | +7

Un xardín tropical vólvese escenario para o encontro de dúas soidades que se acompañan por un tempo: a dunha muller de clase alta á que unha demencia



está a arrebatarlle todo o que foi, e a da súa coidadora, unha inmigrante soa e sen apoio, separada do mundo por un terrible segredo.

San Sebastián 2025 (Horizontes Latinos)

“O que volve encantadora a ‘Querido trópico’ non é só o seu guión sutil ou a súa coidada dirección de actores, senón a súa capacidade para dicir cousas fondas con pequenos xestos.” Rolling Stone Colombia



DUPLEX Cinema

De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00
Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinale o contrario.

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

Facemos parte de:





TEATRO

O PROCESO / APAGA O CANDIL

CÁNDIDO PAZÓ | GALAXIA | 230 PÁX. | **21,70€**

ACTOR, DIRECTOR E DRAMATURGO, CÁNDIDO PAZÓ É UN DOS REFERENTES DO TEATRO MODERNO GALEGO.

Un teatro mergullado tanto na tradición como na realidade do país. Proba disto son as dúas pezas, aínda en cartel nos escenarios de noso como “O proceso” e “Apaga o candil”. Ámbalas dúas foron publicadas pola editorial Galaxia nun volume gorentoso na forma e no contido. Aínda que de seguro a unión das dúas pezas nun libro obedece a razón editoriais, o certo é que nos dous casos as obras de Pazó falan de dous persoeiros que acadaron unha importante dimensión popular no noso país. En “O proceso”, o autor céntrase no xuízo ao que foi sometido Curros Enríquez entre 1880 e 1881 logo da publicación de “Aires da miña terra”. O bispo de Ourense denunciáralo por, segundo el, conter “proposicións heréticas” contra Deus e a Igrexa. Con rigor e humor, Pazó conta como o vate de Celanova sae finalmente absolto ante a xustiza nunha peza que pon de actualidade temas como as sentenzas xudiciais e a liberdade de expresión. En “Apaga o candil”, Pazó recupera a valiosa figura do narrador oral Carlos Díaz “O Xestal”, enfrontado á figura da morte e repasando o que foi unha vida caracterizada pola incompreensión. Alonso Montero e Xurxo Souto prologan respectivamente cada unha das pezas.

NOVELA

UNA MUJER A QUIEN AMAR

TEODOR KALLIFATIDES | GALAXIA GUTEMBERG | 160 PÁX. | **16,90€**

O escritor greco sueco Teodor Kallifatides ten unha particular e longa traxectoria literaria recoñecida nos últimos anos no solpor da súa vida. O último dos libros publicados entre nós e este “Una mujer a quien amar”, un loito pola amante que logo foi amiga e coa que percorreu tres décadas de vida. Como en boa parte das obras de Kallifatides, a serenidade da súa escrita, e fondura con aparencia de sinxeleza, domina esta breve pero admirable obra na que aboian temas caros como a identidade, a lingua e as relacións humanas cheas de tristeza e tamén de humor.

NOVELA

O LANZADOR DE COITELOS

FERNANDO CASTRO PAREDES | GALAXIA | 352 PÁX. | **22,60€**

Para conmemorar o 25 aniversario de Galaxia en 1975, a editorial de referencia do país premiou daquela “Xoguetes para un tempo prohibido” de Carlos Casares. Este pasado 2025, Galaxia premiou para conmemorar o seu 75 aniversario esta novela de Fernando Castro Paredes, “O lanzador de coiteiros”. Unha obra sólida, con elementos metaliterarios e linguaxe traballada que recolle os códigos da novela negra clásica para falar de memoria, liberdade, identidade e corrupción humanas partindo dun sicario que é enviado a París para raptar a un poeta húngaro.

DELICIAS SONORAS

**SHEILA PATRICIA EPIFANÍA**

Chega o terceiro traballo longo da cantante galega Sheila Patricia logo dunha época de importantes cambios persoais e artísticos. De todo iso bebe este álbum que leva o significativo título de “Epifanía”. O disco estrutúrase como unha viaxe emocional e visual en cinco capas –“Inicio”, “A Marcha”, “Acorazada”, “Epifanía” e a culminación en “Nai da Terra”- que simbolizan as distintas fases da súa transformación artística e van dun impulso inicial cara á plenitude e a revelación. Son nada menos que 16 composicións que camiñan do folk máis tradicional e o recitado á variedade sonora sen chegar ao nivel electrónico do seu previo “Orixe”. Todas elas respuntadas polo incontestable poderío vocal de Sheila Patricia. Pezas íntimas e ao tempo enraizadas coa terra; algunhas inéditas, outras de períodos anteriores como “Camiño branco” ou “Canto do Moscoso”. Musicalmente, “Epifanía” mestura sonoridades tradicionais e contemporáneas, experimentando coa lingua e a identidade musical, e consolidando a Sheila Patricia como unha das voces de referencia da música galega de hoxe.

**NADADORA MAÑANA Y SIEMPRE**

Tras 13 anos de silencio regresa Nadadora. A banda de O Grove deixouno en 2013 tras unha traxectoria non moi extensa pero con traballos nos que os seus seareiros apreciaban unha sensibilidade e serenidade singulares primeiro no selo Jabalina e finalmente en Ernie Records. Neste selo retoman a súa traxectoria con este “Mañana y siempre”, autodenominado EP que en realidade contén seis pezas de pop cristalino e atemporal, inzado de sentimento e unha paisaxe construída a base de postais que describen o paso do tempo e as cicatrices abertas nas relacións humanas. Os membros do quinteto liderado por Sara Atán e Gonzalo Abalo puxéronse nas mans do produtor Martí Perarnau (Zahara, León Benavente) para dar saída ao son destas seis cancións das que destacamos a atemporal “1997”, “Bailaremos” ou a confesional “Anillo”. Porén, outra cousa é o soporte que o contén, moi fermoso fisicamente pero polo que o seareiro terá que pagar un prezo absolutamente escandaloso: 30 euros. Seica diso ía finalmente a recuperación do vinilo por parte da industria.


**VVAA PLAY ON: A RASPBERRIES TRIBUTE**

Un disco tributo que recupera a uns clásicos do son *power pop* dos anos 70: The Raspberries, que brillaron breve pero intensamente. A banda liderada por Eric Carmen e Wally Bryson de Cyrus Eyrie únirase a Jim Bonfanti e Dave Smalley de The Choir e naceu o grupo que canda Badfinger e Big Star conforma o triángulo máximo do pop dos primeiros 70. Ao longo de catro álbums lanzados entre 1972 e 1974 chegaron a definir un estilo. A pesar de colocarse só nun sinxelo no Top 5 dos Estados Unidos a influencia de The Raspberries perdurou durante décadas, inspirando a grandes artistas, desde Bruce Springsteen a The Cars, establecendo un estándar para o rock elaborado con boas melodías, guitarras nítidas e harmonías brillantes. O presente tributo recupera en formato CD case todo o seu repertorio, 37 cancións, no que non falta “Go all the way”, “I wanna be with you” ou “I saw the light” a cargo das Bangles, The Lemon Twigs, Marshall Crenshaw ou The Shoes entre outras luminarias neste tributo tan recomendable.

edicións **embora**


NOVO TÍTULO

da colección de Memoria Histórica dos nosos barrios



Memoria Histórica de **Doniños**

—Outros títulos da colección—



XANEIRO

03 sábado

MÚSICA

23.00 h Sala La Room. Ferrol.

LA INDIRIGIBLE



05 hns

MÚSICA

23.30 h Sala La Room. Ferrol.

SR. X

10 sábado

MUSICAL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

LA REINA DEL HIELO



15xoves

CONTANDO CIENCIA

19.30 h Casa da Cultura. Fene.

TERRAS RARAS: NIN SON TERRAS NIN SON RARAS

17 sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

LA DESCONQUISTA



18 domingo

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

ANDERSEN, EL PATITO FEO



23 venres

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA: IMPRESIONES NOCTURNAS

24 sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

NUESTROS MUERTOS



25 domingo

MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

CLÁSICOS INÉDITOS EN VERSIÓN ESPAÑOLA: THE MAN WHO CHEATED HIMSELF



30 venres

LIBROS

19.30 h Casa da Cultura. Pontedeume.

A NOVELA DO BRAVÚ, DE XURXO SOUTO

31 sábado

TEATRO

20.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

UN DEUS SALVAXE



DANZA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

TXALAPARTA



Nº 211
ANO XIX

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

@Ai

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos vendantidos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción